

Decreto 288/1988, do 29 de setembro, de desenvolvemento da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (1) (DOG 18/10/88)

A aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 3/1988, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pon en marcha un instrumento que pola súa natureza deberá ter unha maior fluidez e capacidade para intervir nos procesos de promoción e equipamento da vivenda e o solo.

Cómpre agora, seguindo as directrices que a citada Lei contén, continuar co proceso iniciado, desenvolvendo os aspectos básicos e as liñas fundamentais de actuación do Instituto para facer que o mesmo, unha vez dotado efectivamente dos recursos necesarios, poida entrar en funcionamento. Todo isto segundo o establecido na disposición derradeira da Lei, que faculta á Xunta de Galicia para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución, e dentro da adscrición que o organismo autónomo ten á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Este Decreto busca profundizar nas liñas básicas da estrutura orgánica do Instituto, co obxectivo de garanti-lo cumprimento dos fins para os que foi creado e de que a súa actuación poida ter a fluidez que esixe a natureza das súas funcións.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintenove de setembro de mil novecentos oitenta e oito.

DISPÓÑO:

Artigo 1.º

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo é un organismo autónomo da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter comercial e financeiro, adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo rexerese, no marco das bases do réxime xurídico das Administracións públicas establecidas polo Estado, pola súa Lei de creación, por este Decreto, pola lexislación galega sobre organismos autónomos que lle sexa aplicable así como, se é o caso, pola

lexislación galega en materia de urbanismo e vivenda, e con carácter supletorio, pola lexislación estatal.

Artigo 2.º

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar tanto no campo do Dereito público como no do Dereito privado para o cumprimento dos seus fins con subxección á lexislación que lle sexa aplicable. O Instituto gozará así mesmo das prerrogativas e beneficios fiscais que se establezan nas leis para as Administracións públicas de tal natureza.

2.- En consecuencia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá:

- a) Adquirir, vender, posuír, reivindicar, permutar, ceder gratuitamente ou mediante prezo, arrendar e administra-lo seu patrimonio.
- b) Constituír, modificar, pospoñer e cancelar hipotecas e demais dereitos reais.
- c) Conceder subvencións, créditos e empréstitos así como subsidia-los intereses producidos polos préstamos concedidos para as actuacións protexibles en materia de vivenda.
- d) Concertar créditos e empréstitos para financia-las súas actividades nos termos establecidos na normativa presupostaria de aplicación. Estes créditos poderán ir avalados nos termos da dita normativa.
- e) Celebrar contratos e convenios.
- f) Establecer e explotar obras e servicios.
- g) Constituír e participar en sociedades, empresas, consorcios ou asociacións.
- h) Interpoñe-los recursos establecidos e exerce-las accións previstas nas leis.

Artigo 3.º

Nos termos establecidos na Lei 3/1988, do 27 de abril, e neste Decreto correspóndelle ó Instituto

Galego da Vivenda e Solo a realización no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia da política

de solo e vivenda. Esta política, formulada a través da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas terá como finalidade acadar os obxectivos previstos no artigo 3 da Lei de creación do Instituto, dentro do marco dos principios rectores contidos no artigo 47 da Constitución.

Artigo 4.º

1.- Son competencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo as enumeradas no apartado 1.º do artigo 4 da Lei 3/1988, do 27 de abril. Estas competencias serán exercidas polo Instituto con subxección ás directrices xerais do Consello da Xunta e en inmediata dependencia da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2.- No exercicio das súas competencias, o Instituto deberá actuar en necesaria coordinación coa Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, á que elevará para o seu coñecemento, e se é o caso aprobación, os plans, programas, propostas, estudos ou proxectos ós que se refire a súa Lei de creación.

3.- Como órgano de tutela do Instituto, a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá encomenda-la realización de todas aquelas funcións que en materia de solo e vivenda non estean expresamente previstas no apartado 1.º do artigo 4 da Lei 3/1988.

Artigo 5.º

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo exercerá as súas competencias segundo o ordenamento urbanístico e o planeamento vixente.

2.- O Instituto poderá solicitar do Consello da Xunta, a través do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a declaración de recoñecida urxencia na tramitación dos plans parciais, plans especiais ou proxectos de urbanización que redacte para os efectos previstos no artigo 4 do Real Decreto Lei 3/1980, do 14 de marzo, e no artigo 7 do Real Decreto Lei 16/1981, do 16 de outubro.

Artigo 6.º

As actuacións do Instituto en materia de inspección e control de calidade da edificación, sexa de forma directa ou mediante laboratorios homologados,

levaranse a cabo no marco dunha programación conxunta, en coordinación coa Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Artigo 7.º

1.- Coa finalidade de promover a construción de vivendas de protección oficial e de fomentar a instalación ou ampliación de dotacións e servizos, o Instituto poderá ceder terreos da súa propiedade,

cos requisitos, prezo, se é o caso, e condicións que se determinen, de conformidade co establecido na Lei de creación do Instituto.

2.- O Instituto poderá, logo de autorización do Consello da Xunta, transmitir directamente terreos da súa propiedade a título gratuito, en favor de entidades públicas para establecemento de servizos públicos, ou a instalación de equipamentos comunitarios.

Artigo 8.º

1.- A preparación polo Instituto dos plans xerais de vivenda de carácter plurianual levarase a cabo baseándose nas previsións contidas no art. 4, apartado II) da Lei 3/1988 e baixo a superior supervisión da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que poderá dicta-las correspondentes directrices na materia. Estes plans xerais de vivenda serán elevados polo Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas ó Consello da Xunta para a súa aprobación e posterior remisión ó Parlamento de Galicia para os efectos previstos no apartado 1.º do artigo 142 do seu Regulamento.

2.- Corresponderalle igualmente ó Instituto a preparación de plans sectoriais sobre aspectos concretos ou actuacións urxentes en materia de vivenda no marco das directrices emanadas da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

3.- O Instituto someterá á aprobación da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas un plan anual de traballos ou xestión.

Artigo 9.º

1.- Coas finalidades previstas na súa Lei de creación, o Instituto poderá levar a cabo actuacións de adquisición de solo utilizando a potestade de expropiación forzosa que lle reconece o apartado 2.º do artigo 4 da citada

Lei. Este recoñecemento debe entenderse sen prexuízo da competencia atribuída ó Estado polo art. 149.1.18 da Constitución.

2.- A aprobación dos plans e programas ós que se refire a Lei 3/1988 e o presente Decreto, calquera que sexa a fórmula de execución, levará implícita a declaración de utilidade pública das obras e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios correspondentes ós fins da expropiación ou imposición de servidumes.

Artigo 10.º

O Instituto poderá consorciarse para o desenvolvemento dos fins propios da xestión e execución de actividades urbanísticas que realizará no exercicio das súas competencias. A constitución e estatutos de consorcio no que participe o Instituto requirirán a previa autorización do Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. O acto aprobatorio da constitución do consorcio e dos seus estatutos deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 11.º

1.- Coa mesma finalidade, e no marco da lexislación autonómica, o Instituto poderá constituír ou participar en sociedades anónimas ou empresas. Esta constitución ou participación deberá ser autorizada polo Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e formalizada mediante escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil.

2.- As aportacións que non sexan de entes públicos non poderán exceder do 49 por 100 do capital social. En consecuencia, haberá dúas clases de accións, unha representativa da maioría do capital social, que só poderá ser subscrita polos entes públicos e transmisíbel entre estes e outra representativa do resto do capital, de libre subscrición e transmisión.

Artigo 12.º

1.- Para o adecuado exercicio das súas competencias, e no marco da programación, á que se refire o artigo nove, o Instituto poderá subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades, coa Administración do Estado e en especial, coas corporacións locais, así como con empresas con participación pública maioritaria.

2.- Correspóndelle á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas o establecemento das condicións básicas dos ditos convenios.

Artigo 13.º

1.- O Instituto poderá encomendar ás sociedades e empresas ás que se refiren os artigos anteriores, a xestión da construción, reparación e rehabilitación de vivendas, obras de urbanización de terreos e de execución de obras e edificios complementarios.

2.- Así mesmo, o Instituto poderá encomendar ás devanditas sociedades e empresas, mediante convenio, a redacción de proxectos con tal finalidade; neste caso rexerán as mesmas tarifas de honorarios que se aplican á Administración, aboándose o importe dos mesmos cando o proxecto reciba a aprobación do organismo.

3.- O convenio de encargo de xestión de obras de construción ou urbanización poderá incluír tamén o proxecto técnico das mesmas ou o proxecto xa desenvolvido para a súa execución, que deberá ser aprobado polo Instituto. Este convenio deberá expresar claramente as condicións nas que se debe realiza-lo encargo e, en todo caso, o financiamento aplicable.

Artigo 14.º

1.- A contratación de obras obxecto de cada convenio levarase a cabo polas sociedades ou empresas ás que se refire o artigo anterior con empresas constructoras, axustándose á lexislación civil ou mercantil que lle sexa aplicable. As adxudicacións de obras que deriven da dita contratación non obrigarán ó Instituto mentres non reciban a súa aprobación expresa e definitiva. Para estes efectos elevarase ó Instituto o resultado da adxudicación provisoria e o texto do contrato no que vaia quedar formalizado.

2.- O prazo de garantía, logo da recepción provisoria das obras por parte do Instituto, rexerese polo disposto na normativa xeral de contratación do Estado.

Artigo 15.º

O Instituto poderá participar en entidades urbanísticas colaboradoras creadas para a xestión urbanística que lle afecte e disto dará conta á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Artigo 16.º

O Instituto poderá asociarse, e en xeral concertar acordos coa iniciativa privada para o cumprimento dos seus fins, no marco das directrices dictadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e segundo a lexislación aplicable.

Artigo 17.º

1.- O Instituto estrutúrase, segundo as disposicións contidas neste Decreto, nos seguintes órganos:

1.- O Consello.

2.- O Presidente.

3.- O Director Xeral.

2.- Baixo a dependencia inmediata do Director Xeral, o Instituto contará igualmente con:

1.- A Secretaría Xeral.

2.- As Direccións Técnicas.

3.- As Delegacións Provinciais.

3.- Existirá ademais unha Xunta Consultiva coa composición e funcións que se establecen no artigo 30.

Artigo 18.º

1.- O Consello é o órgano superior do Instituto, ó que lle corresponde a alta dirección da actividade do mesmo.

2.- En particular, correspóndelle ó Consello do Instituto:

a) A elaboración dos plans e programas de actuación do mesmo.

b) A aprobación do anteproxecto de presuposto do Instituto, presentado polo Director Xeral do mesmo.

c) A aprobación da memoria anual de actuación do Instituto, presentado polo Director Xeral do mesmo.

- d) O control de xestión do Instituto.
- e) A adopción de decisións sobre o patrimonio do Instituto, no marco da Lei 3/1988, do presente Decreto e demais normativa aplicable.
- f) A constitución de comisións de estudio sobre aspectos específicos en materias de competencia do Instituto.
- g) A aprobación das condicións-tipo ás que se deberán axustar as cesións de terreos do Instituto.
- h) A aprobación da proposta de creación de consorcios e sociedades anónimas ou de integración ou participación do Instituto nas xa constituídas, así como a aprobación da proposta de constitución de xerencias e de todo tipo de acordos con iniciativa privada.
- i) Designar ós membros da Xunta Consultiva do Instituto, a proposta do seu Presidente.
- l) Cantos asuntos relacionados coa competencia do Instituto lle someta o seu Presidente.

Artigo 19.º

O Consello do Instituto está constituído por:

- a) O Presidente do Consello e do Instituto, que será o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.
- b) O Vicepresidente do Consello, que será o Director Xeral da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, competente en materia de vivenda.
- c) Os vocais, que serán:
 - Dous vocais designados polo Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.
 - Un Director Xeral representante da Consellería da Presidencia e Administración Pública.
 - O Director Xeral do Instituto.

d) O Secretario Xeral, que será nomeado polo Consello a proposta do Director Xeral do Instituto.

Artigo 20.º

1.- O Presidente do Consello poderá convidar ás sesións do mesmo, con voz e sen voto, a cargos do propio Instituto ou da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, así como a representantes doutras consellerías e, en xeral, a todas aquelas persoas que polos seus coñecementos ou especialidade técnica poidan ser útiles para os asuntos que se van tratar. Cando un asunto específico afecte ó desenvolvemento urbanístico dun termo municipal, poderá ser convocado o Alcalde, que intervirá con voz pero sen voto.

2.- Para que os acordos do Consello sexan válidos requirirase a presenza, alomenos, da metade máis un dos seus membros e deberán ser adoptados pola maioría dos asistentes. En caso de empate, o presidente terá voto de calidade.

Artigo 21.º

Correspóndelle ó Presidente do Instituto:

- a) Ostenta-la representación oficial do Instituto.
- b) Convoca-las reunións do Consello, sinalando lugar, día e hora de celebración, así como establece-la orde do día das mesmas, por propia iniciativa ou cando así o solicite a metade mais un dos membros do Consello.
- c) Presidir e dirixi-las deliberacións do Consello.
- d) Autorizar coa súa sinatura as actas das sesións do Consello.
- e) Someter á aprobación do Consello da Xunta o anteproxecto de presupostos do Instituto e, se é o caso, os plans e programas do mesmo.
- f) Calquera outra facultade que en relación coas materias de competencia se lle atribúan regulamentariamente.

Artigo 22.º

1.- O Director Xeral do Instituto, é o órgano executivo do mesmo. Será nomeado e destituído libremente polo Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2.- Correspóndelle ó Director do Instituto:

- a) Asistir ó Presidente no exercicio das súas funcións.
- b) Ostentar, por delegación do Presidente, a representación oficial do Instituto.
- c) Executa-los acordos do Consello do Instituto.
- d) Dirixir e coordena-la xestión técnica e administrativa do Instituto.
- e) Asinar por delegación do Presidente e en nome do Instituto, os convenios e contratos sobre materias de competencia do mesmo.
- f) Presentar á aprobación do Consello do Instituto o borrador do anteproxecto de presupostos do mesmo, así como rende-las contas correspondentes.
- g) Presentar á aprobación do Consello do Instituto a memoria anual de actuación do mesmo.
- h) Dispoñe-los gastos propios do Instituto dentro dos límites que lle corresponda.
- i) Exerce-la xefatura inmediata sobre o persoal do Instituto.
- l) Tódalas facultades que lle deleguen expresamente o Presidente do Instituto ou o seu Consello.

Artigo 23.º

1.- O Secretario Xeral do Instituto será nomeado polo seu Presidente oído o Consello, entre persoas con titulación superior e coñecementos na materia; cesará no seu cargo polo mesmo procedemento e, en todo caso, cando cese o Director Xeral.

2.- Correspóndelle ó Secretario Xeral, baixo a dependencia do Director do Instituto:

- a) Os asuntos referentes ó persoal e réxime interior do Instituto.
- b) A formación e mantemento do inventario do Instituto.
- c) O estudio e informe dos recursos interpostos contra actos do Instituto, así como, en xeral, o asesoramento xurídico do mesmo.
- d) A realización dos estudos necesarios para elabora-los plans xerais e programas relativos á protección oficial en materia de vivenda.
- e) Tódalas funcións que lle delegue expresamente o Director Xeral do Instituto e aquelas outras que, sendo competencia do Instituto, non estean expresamente atribuídas ás Direccións Técnicas do mesmo.

3.- O Secretario Xeral asumirá, en caso de ausencia ou enfermidade do Director Xeral do Instituto, as funcións ordinarias de despacho e firma nos asuntos de mero trámite e nos que con carácter ordinario lle sexan delegados.

Artigo 24.º

1.- As Direccións Técnicas do Instituto son as unidades orgánicas encargadas do estudio e da tramitación dos asuntos de competencia do Instituto que lle sexan atribuídas.

2.- En especial, correspóndelle ás Direccións Técnicas:

- a) A xestión da adquisición, preparación e cesión do solo preciso para as finalidades do Instituto.
- b) A realización dos estudos de planeamento e dos proxectos de expropiación e urbanización.
- c) A formalización dos encargos de obras así como, se é o caso, a súa dirección e inspección.
- d) A supervisión da actuación dos equipos técnicos contratados.
- e) A administración do patrimonio do Instituto.

3.- O Instituto estrutúrase nas seguintes Direccións Técnicas:

- a) Dirección Técnica de Construcións.

b) Dirección Técnica de Solo.

c) Dirección Técnica de Administración e Fomento.

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas fixará a estrutura e competencias das unidades administrativas dependentes das Direccións Técnicas.

4.- Os directores técnicos serán nomeados polo Presidente do Instituto, a proposta do Director Xeral do mesmo.

Artigo 25.º

Correspóndelle á Dirección Técnica de Construcións:

a) A xestión da contratación e control da execución de construción de vivendas de promoción pública, en réxime directo ou concertado, así como a supervisión técnica dos proxectos correspondentes.

b) A xestión dos convenios para a promoción de vivendas de protección oficial.

c) A xestión da adquisición de vivendas, edificios e aloxamentos provisorios e actuacións de emerxencia en promoción pública de vivendas.

d) A xestión da contratación e o control da execución das obras de reparación e conservación do patrimonio inmobiliario do Instituto, así como a supervisión técnica dos proxectos correspondentes.

Artigo 26.º

Correspóndelle á Dirección Técnica de Solo:

a) A programación das necesidades de solo.

b) A promoción e xestión do solo para a execución dos programas de construción de vivendas de protección oficial e creación de reserva de solo.

c) A formación dos correspondentes plans urbanísticos e proxectos e a súa supervisión técnica.

d) A xestión de contratación, execución e control das obras correspondentes, se ben nesta tarefa poderá solicita-la asistencia técnica precisa á Dirección Técnica de Construcións.

e) As propostas de alleamento e cesión de solo a promotores públicos e privados.

f) A coordinación das funcións do Instituto nas sociedades urbanísticas, consorcios ou empresas que teñan como finalidade a promoción e xestión de solo.

Artigo 27.º

Correspóndelle á Dirección Técnica de Administración e Fomento:

a) A administración e conservación do patrimonio e mobiliario do Instituto, así como a recadación das rendas dos bens do mesmo.

b) A aplicación do réxime legal de uso, conservación e aproveitamento ás vivendas e locais de protección oficial de promoción pública.

c) O fomento á construción de vivendas, de protección oficial, en réxime xeral ou especial, así como a tramitación das axudas económicas ós titulares de vivendas, xa sexan estas de protección oficial, de promoción pública ou privada.

d) O fomento, en especial, das condicións das vivendas situadas no medio rural.

Artigo 28.º

En todo caso, e sen prexuízo das competencias a que se refiren os artigos anteriores, corresponderanlle ás Direccións Técnicas do Instituto todas aquelas funcións que, sendo competencia do mesmo, lles sexan asignadas polo seu Director Xeral.

Artigo 29.º

Os Delegados Provinciais da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas serán asemade Delegados Provinciais do Instituto, e en tal calidade corresponderalles a dirección no ámbito provincial respectivo das funcións que lles correspondan como tales, actuando neste caso con dependencia funcional do Director do Instituto.

Artigo 30.º

1.- A Xunta Consultiva do Instituto estará presidida polo Presidente do mesmo, e integrada por representantes dos sectores implicados en materia de vivenda, sen que o número dos seus membros, incluído o Presidente, poida exceder de doce. O nomeamento dos membros da Xunta producirase conforme ó disposto no artigo 18 i) e, en todo caso, formarán parte do mesmo unha representación das asociacións empresariais, sindicatos de traballadores e colexios profesionais máis representativos do sector, así como unha representación dos Concellos da Comunidade Autónoma.

2.-A Xunta Consultiva reunirse a pedimento do Presidente do Instituto, e terá como función prestar asesoramento sobre as actuacións do mesmo que se sometan á súa consideración.

Artigo 31.º

No Instituto Galego da Vivenda e Solo existirá unha Asesoría Xurídica e unha Intervención Delegada, adscritas organicamente á Secretaría Xeral do Instituto e baixo a dependencia funcional da Asesoría Xurídica Xeral e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia respectivamente.

Artigo 32.º

1.- Os actos administrativos e disposicións do Instituto poderán ser obxecto de recurso de alzada perante o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas; as resolucións que dicte este esgotarán a vía administrativa, podéndose interpoñer contra as mesmas recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos na Lei reguladora da dita xurisdicción.

2.- O recurso extraordinario de revisión interpoñerase, se é o caso, e cando concorran as circunstancias legalmente establecidas, perante o Consello da Xunta de Galicia.

3.-O Instituto poderá exercer perante a xurisdicción ordinaria as accións civís e laborais que correspondan.

4.- A reclamación previa á vía xurisdiccional civil ou laboral dirixirase sempre ó Consello do Instituto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1.- As Comisións Provinciais de Vivenda, creadas polo Decreto 233/1985, continuarán desempeñando as funcións que en materia de adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción pública lles atribúe o Decreto 40/1987, de 12 de febreiro.

2.- As citadas Comisións Provinciais de Vivenda estarán presididas polo Director Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ostentando a Vicepresidencia o Delegado Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas que corresponda.

3.- A Secretaría da Comisión Provincial da Vivenda corresponderá ó respectivo Secretario da Delegación Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

4.- Serán vocais con carácter permanente das correspondentes Comisións Provinciais de Vivenda:

- O Delegado Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- O Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar Social.
- O Xefe da Xefatura Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Un deputado provincial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

1.- As subvencións a fondo perdido para a rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia ás que refire o Decreto 102/1988, do 21 de abril, e a Orde do 24 de maio de 1988, así como as axudas económicas directas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia ás actuacións protexibles en materia de vivenda de protección oficial en réxime xeral -no marco establecido polo R.D. 1494/1987, do 4 de decembro-, correrán a cargo do Instituto Galego da Vivenda e Solo. O Consello deste será competente para dictar tódalas instrucións que sexan precisas para a aplicación da citada normativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Será competencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo adquirir vivendas para a súa rehabilitación, regulado actualmente polo Decreto 123/1988, do 5 de maio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

De conformidade coa letra ñ), do apartado 1 da Lei 3/1988, será competencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, emitir efectos de papel de fianzas ó que se refire o Decreto 267/1985, do 12 de decembro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

As participacións de accións que ten a Comunidade Autónoma de Galicia nas sociedades Xestur-A Coruña, Xestur-Lugo, e SURPONSA quedarán adscritas funcionalmente ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, que exercerá as funcións inherentes ás ditas participacións, todo isto sen prexuício das competencias que as Leis 3/1984, do 4 de abril, e 3/1985, do 12 de abril, atribuían á Consellería de Economía e Facenda.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Á entrada en vigor de presente Decreto, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, e unha vez que se produza o inicio das actuacións, de acordo co disposto na disposición adicional primeira, asumirá a titularidade dos dereitos e obrigas ós que se refire a letra e) números 2 ó 6 do anexo I do Real Decreto 1926/1985, do 11 de setembro, e do patrimonio que a Comunidade Autónoma puidese adquirir ata entón en virtude das competencias en materia de vivenda.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas fixará a entrada en funcionamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo, unha vez aprobadas as correspondentes dotacións presupostarias e adscrito o persoal necesario para o inicio das súas actuacións.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

Autorízase á C.O.T.O.P. para dictar tódalas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do presente Decreto.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ó establecido no presente Decreto.

NOTAS

(1) Ver disposicións derogatorias do Decreto 108/1991 de 27 de marzo polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS.